

Foto: Marta Barandela González

SETEMBRO 2024

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES

cimbio

SETEMBRO 2024

CIENCIA CON C DE CINBIO

O 13 de setembro celebramos a nosa Xornada de Portas Abertas baixo o lema 'Ciencia con C de CINBIO'. Dos 3 ata os 86 anos. Estas eran as idades das preto de 80 persoas que visitaron o noso centro, organizadas en dúas rutas diferentes, para coñecer de preto ao persoal investigador e mesmo participar en primeira persoa nos experimentos e obradoiros preparados para a ocasión.



Sistemas Informáticos de Nova Xeración (SINC), o grupo de Inmunoloxía, TeamNanoTech (TNT), Grupo de NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio), Filoxenómica, Neurocircuits, Nanomateriais Biomiméticos (Biomimat) e Comunicación celular en cancro e en enfermidades asociadas á idade (CellCOM) son os grupos que participaron nesta nova edición da xornada de portas abertas do CINBIO. [Máis información.](#)



Xornada 'Mujer y Ciencia'

O martes 3 de setembro a xestora do CINBIO, Noa Caramés, participou na xornada 'Mujer y Ciencia', moderada pola investigadora do CINBIO María Mayán no marco do 46º Congreso da Sociedad Española de Bioquímica y Biología Molecular (SEBBM).

[Máis información.](#)



Visita de Eva Ortega-Paíno

O 4 de setembro recibimos a visita da secretaria xeral de Investigación do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, Eva Ortega-Paíno, quen tivo a oportunidade de facer un percorrido especial polos diferentes laboratorios do CINBIO.

[Máis información.](#)



Divulgación en Ourense

O xoves 5 de setembro comezou en Ourense unha nova edición da iniciativa "Ciencia con C de CINBIO". Persoal investigador do grupo de Biomasa e Desenvolvemento Sostible amosou o seu traballo nunha carpa informativa e lúdica instalada na rúa do Paseo. [Máis información.](#)

II CINBIO GOLD TALK

O luns 23 de setembro celebramos a II edición do evento CINBIO Gold Talk no Hotel Attica 21 de Vigo. Trátase dun acto promovido polo noso centro con fin de recoñecer o traballo de persoas e institucións que inspiran e impulsan a ciencia. Nesta ocasión tivemos a sorte de escoitar o inspirador discurso da enxeñeira biomédica Nicole F. Steinmetz. [Máis información.](#)



Convocatoria consolidación

Dous proxectos liderados polos investigadores do CINBIO Miguel Arenas (grupo de Evolución Molecular Computacional) e Gustavo Bodelón (grupo de NanoBiomateriais Funcionais) acadaron financiamento na última convocatoria de axudas para incentivar a consolidación investigadora. [Máis información.](#)



Retos económicos de Galicia

O 17 de setembro, o director do CINBIO, Miguel Correa, participou nunha mesa de debate moderada polo director rexional de Contidos de Cadena SER en Galicia, Ricardo Rodríguez, no marco do foro 'Los retos económicos de Galicia', organizado por El País. [Máis información.](#)



Seminario Samuel García

O xoves 19, o Dr. Samuel García Pérez (Grupo de Reumatología y Enfermedades Inmuno-mediadas, Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur) ofreceu o seminario "Role of semaphorins in rheumatic diseases", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



Seminario Paul Mulvaney

O martes 23 de setembro, o Dr. Paul Mulvaney (ARC Centre of Excellence in Exciton Science, School of Chemistry, University of Melbourne) ofreceu o seminario "Spectroscopy of Gold Nanocrystals and Quantum Dots", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



Seminario Hernán Míguez

O xoves 26 de setembro, o Prof. Hernán Míguez (Grupo de Materiales Ópticos Multifuncionales, Instituto de Ciencia de Materiales de Sevilla, CSIC) ofreceu o seminario "Light-matter Coupling in Optoelectronic Materials", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



O #teamCINBIO na G-Night

O #teamCINBIO formou parte da Noite Galega das Persoas Investigadoras, G-Night. O grupo FunNanoBio estivo na feira científica cun obradoiro sobre nanopartículas plasmónicas, e o investigador David Posada ofreceu a charla divulgativa "Que ten que ver Darwin co cancro?". [Máis información.](#)

OUTUBRO 2024

PRÓXIMOS EVENTOS



Formación

18 de outubro: Xornada 'Fundraising inclusivo como forza de cambio social'

Este venres 18 de outubro celebraremos a xornada 'Fundraising inclusivo como forza de cambio social'. Este evento pretende ser un espazo para reflexionar sobre a sostibilidade financeira dun centro académico ao mesmo tempo que se mantén un ecosistema diverso, inclusivo e equitativo. Trátase dunha acción promovida polo CINBIO, co apoio da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

[Máis información e formulario de inscrición.](#)

30 de outubro: Seminario de Verónica I. Dodero




O mércores 30 de outubro, Verónica I. Dodero (*University of Bielefeld, Faculty of Chemistry, Bielefeld, Germany*) ofrecerá o seminario "Supramolecular Medicine: From models to gluten-related disorders" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. Será ás 11.00 h na Sala de Seminarios da Torre CACTI. [Máis información.](#)

#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistrais. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo "Coñece ao #teamCINBIO", non dubidedes en facérnolo saber.

Proximamente máis información:

- Xoves 17 de outubro: Seminario Manuel Martín Pastor
- Martes 22 de outubro: Seminario Rocío Mosquera (Galaria)
- Xoves 31 de outubro: Coñece ao #teamCINBIO con Margarita Vázquez González (TeamNanoTech)



cinbio.es

